

# PLAN DE CONTINXENCIA

CEIP Plurilingüe O Ramo

Barallobre-Fene



## 1. Introducción

O plan de continxencia do CEIP Plurilingüe O Ramo, ten por finalidade establecer os procesos, para o reinicio da actividade académica presencial, no caso de que se teña interrompida a suspensión da actividade lectiva, como consecuencia da aparición dun abrocho, que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

## 2. Actuacións previas diante da aparición dun abrocho

2.1. Non asistirán ao centro aquel alumnado, docentes e outros profesionais, que teñan síntomas compatibles coa COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento ou en período de corentena domiciliaria, por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Ten que ser un compromiso de todos os membros da comunidade educativa do centro de facer a auto enquisa de autoavaliación clínica do Covid que se integra no plan de actuación publicado na nosa páxina Web. No caso de supostos sospeitosos, debe comunicarse ao centro e seguir os pasos que se reflexan en dito plan.

2.2 Diante dun suposto, no que unha persoa ou alumno, da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles coa COVID -19, no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a aula de illamento , situada na planta baixa (local cedido pola ANPA do noso centro). Procederase como está establecido, no plan de adaptación: tanto a persoa que o acompañe como o afectado, colocan a máscara e permanecerán na sala cas ventás e porta aberta. De ser un alumno/a contactaremos coa familia, para que veñan ao centro, o máis rápido que podan, tomando as medidas preventivas establecidas neste protocolo. A familia debe poñerse, de inmediato, en

contacto co seu pediatra, o cal tomará a decisión convinte; en caso de non haber cita debe acudir ao PAC de Fene.

2.3. A continuación, a coordinadora do equipo Covid, chamará ao centro de saúde de Atención Primaria de Fene, ou ao teléfono de referencia do SERGAS, e seguiranse as súas instrucións. No caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

- O/A traballador/a que inicie síntomas compatibles co virus, debe abandonar o seu posto de traballo, protexido por máscara e logo seguir as instrucións do centro de saúde, ata que a súa situación médica, sexa valorada por un profesional sanitario.

2.4. No suposto de aparición dun caso, ou dunha sospeita de coronavirus no tanto sexa alumnado, profesorado ou persoal do CEIP Plurilingüe O Ramo, a directora (como coordinadora do equipo COVID-19) contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade, quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de COVID-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a Xefatura de Sanidade.

2.5. A familia dun neno ou nena, que teña sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

2.6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid -19, seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que no centro teña que estar illada unha aula ou grupo de aulas, mantendo o funcionamento do resto de forma habitual, en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

2.7. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:

a. A aparición dun único caso confirmado nunha aula, poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.

b. Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados, nos últimos 7 días, poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho, ou de ser o caso da totalidade do centro educativo.

2.8. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación, é un suposto de declaración obrigatoria, que implicará por parte da autoridade sanitaria, a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días, no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días, a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo, de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

2.9 A suspensión da actividade lectiva presencial, suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco, a autoridade sanitaria, poderá volver a avaliar o pase, ao nivel de riscos NR2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

### **3. Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial**

Neste apartado vamos a recoller as actuacións que nos marca o plan de continxencia e as actuacións que vamos a levar a cabo no noso centro.

#### **3.1 O ensino non presencial.**

Dado a situación que nos podemos atopar, debemos establecer as medidas preventivas en canto a funcionamento e coñecemento da aula virtual (profesorado, alumnado e

familias) mentres esteamos no colexio, para que despois sexa unha continuidade do traballo a facer. Tomaremos as seguintes medidas:

- Profesorado

o En previsión de que podamos chegar a unha situación de ensinanza a distancia, debemos artellar mecanismos de traballo e coordinación, durante o tempo que esteamos no colexio para que funcionen, se temos que estar confinados. Para iso nunha aula, os apoios os fará o titor/a do mesmo nivel e asignaremos un especialista a cada nivel para patios, saídas e axudar co funcionamento da aula virtual.

o Formación do profesorado na aula virtual do CEIP Plurilingüe O Ramo, por medio de vídeos explicativos para crear e dotar de material a un curso, así como enviar e/ou correxir tarefas, Neste momento estase a formar o claustro, a través do CFR.

o A aula virtual establecerase, polo menos a partir de 3º. Como centro debemos traballar cunha única plataforma e 1º e 2º tamén vai a empregar a aula virtual, no caso de ter que suspender as clases.

- Alumnado

o O alumnado de 1º, 2º, 3º, 4º traballará coa aula virtual do centro e 5º e 6º empregarán o Proxecto Edixgal (no que estamos inmersos), no caso dun posible confinamento parcial ou total.

o Familiarizase co manexo da mesma en aspectos como: acceso a plataforma, ver as súas materias, visualizar o traballo, significado de cada un dos materiais colgados, como se referencia unha tarefa, mensaxes,....

- Familias

Todas as dúbidas que poidan ter, resolveranse por vía telefónica, axenda, chamada telefónica...

### 3.2 Identificación das dificultades de conexión

O equipo Covid requirirá aos titores/as, unha folla de rexistro para cotexar quen ten dificultades de conexión a internet e/ou falta de equipamento. Para recoller esa información, empregaremos estes medios:

- Nas reunións iniciais de nivel.
- Mediante notas na axenda
- Chamadas de teléfono ou por Abalar.

Unha vez obtidos eses datos, darase traslado a inspección educativa, do alumnado que ten carencia nos aspectos anteriormente sinalados.

### 3.3 Períodos de avaliación

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial, a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado, cando coincidan co tempo de suspensión. Polo tanto, no caso de producirse, poñeremos na práctica, as medidas que nos determinen.

## **4. Medidas durante a suspensión da actividade lectiva**

- Ante unha situación de suspensión temporal e/o definitiva das clases presenciais , a coordinación entre o profesorado e fundamental, e seguiremos a facer a que levamos dende o principio de curso, o que permitirá:
  - Planificar un calendario de actividades en función do horario de materias establecido.
  - Seguir planificando actividades.
  - As especialistas en PT e AL, determinarán un plan de actuación específico para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

- O profesorado especialista asignado as aulas, encargáranse de levar un control do alumnado que entra na aula virtual e contactará coas familias, cando o precisen.
- O equipo de nivel, xunto co departamento de orientación, deseñará unhas estratexias para traballar o aspecto emocional, mentres teñan que seguir a ensinanza dende a casa.

- Profesorado

- o Seguirá a traballar en coordinación por nivel, para planificación axustada de tarefas e tempo.

- o Levaranse a cabo reunións semanais, para planificar tarefas e valoración das propostas, para introducir as modificacións necesarias.

- o Distribución do traballo entre todos/as para que non vaia todo ao titor/a.

- o Titorías telefónicas, para o cal se distribuirán o alumnado, entre o profesorado que está asignado a ese nivel.

## **5. Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial.**

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro, realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle a Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. O modelo proposto, establece 4 fases:

### **1. Fase 1 (Adecuación dos espazos)**

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o noso equipo

COVID do centro, quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro e medio, entre eles.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada.
- Reorganización das quendas para o horario do comedor.

2. Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos/as, das medidas de hixiene e distanciamento.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Definíranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas, derivadas da pandemia, no noso centro.

3. Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)



Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%.

Nesta fase o alumnado continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico, cun grupo máis numeroso.

Obxectivos:

- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado, de forma progresiva.
- Continuación das medidas aprendidas na fase 2, cun número maior de alumnos.

#### 4. Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100%, se fose posible manter dentro da aula 1 metro e medio de distancia física.

Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para do alumnado.
- O recreo e o comedor, serán realizados en dúas quendas.

#### **6. Horarios Ensino Non Presencial.**

Se houbera un confinamento domiciliario dunha ou varias aulas ou de todo o centro, os horarios para **3º,4º,5º e 6º de primaria**, estarán publicados na WEB do centro e incluídos dentro do Plan de adaptación Covid-19, publicado tamén na devandita páxina.

O alumnado de **infantil, 1º e 2º de primaria**, traballarán a través da aula virtual do noso centro.

Lembraros a toda a comunidade educativa, que : o ensino non presencial é de obrigado cumprimento, tal e coma aparece nas NOFC do noso centro .

Barallobre, 20 de setembro de 2021

